


OS COTOS

DECEMBRO
2024



**ENCONTRO DE CORAIS
CON CONCERTO
DE "PANXOLIÑAS DE NADAL"**

O DOMINGO 22 ÁS 6´30
NA IGREXA DE FORNELOS
EN COLABORACIÓN
CON CÁRITAS DE OS COTOS



226 Folla
informativa para
a comunidade
cristiá



ATENCIÓN DE CÁRITAS:

Dende cáritas de Os Cotos, se podemos,
axudamos a quen nos pida unha man.
Estamos no local da casa reitoral de Fornelos
o xoves día 12 de dez a doce da mañá.

"Un contiño para vivir"**"Unha lección para o pequeno Martiño"**

Martiño era un neno moi caprichoso. Dende facía semanas non paraba de pedir regalos e xoguetes porque sabía que se achegaba o Nadal.

Seus pais trataban de explicarlle que no saco dos Reis Magos non collía todo, porque tamén debían levar xoguetes ao resto do mundo.

Chegou o Nadal e toda a familia reuniuse para festexar ese día xuntos. Martiño apenas tivo tempo para saudalos porque pasouse toda a mañá abrindo regalos.


Seus pais tíñanlle escrito aos Reis pedíndolle que lle deixaran a Martiño todo o que tiña pedido, quizais así aprendería.

E así mentres os seus primos xogaban e rían, Martiño desempaquetaba os regalos. Ao principio era moi divertido para Martiño, pero cando acabou de desempaquetar tiña moitos xoguetes pero non tiña con quen xogar.

Chamou polos seus primos para fardar de todos os xoguetes que tiña, pero eles non lle fixeron caso, ao contrario, seguiron xogando deixando só a Martiño.

Martiño, sentado no chan miraba con tristura para os seus xoguetes, e ao cabo dun tempo, deixou todo alí e saíu correndo para onde os seus primos.

Seus pais miraban entón para o seu pequeno e agradecíanlle aos Reis a lección que lle deran ao seu fillo.



Atopa esta cousiñas



O SANTO PARA O MES, en decembro, o día 2 ou 5: ELISA

É un nome de orixe hebrea que significa "Deus axudou". É unha variante de Isabel, ou de Eloísa, tamén pode ser a forma familiar de Elisabete.

Elisa é outro nome de Dido na Eneida de Virxilio, fundadora de Cartago. Era irmá de Pigmalion, que abandonou Fenicia para ir a África. Alí comproulle ao rei Xarbas o terreo que puidera conter nunha pel de boi. Cortouna en tiras moi finas e deulle para rodear a cidadela de Birsá ("coiro de boi"). Suicidouse para non casar co rei, que a obrigaba ao matrimonio. Co tempo naceu alí a acrópole de Cartago.

CONSELLO



Respondendo o anxo, díxolle:
O Espírito Santo virá sobre ti,
e o poder do Altísimo
cubrirate coa súa sombra;
Por iso o santo que nacerá
será chamado Fillo de Deus"

Lucas 1, 35

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



5 de decembro

Día Internacional d@s voluntari@s



Esta data leva celebrándose dende o ano 1986, e busca resaltar a importante labor que realizan todas as persoas que deciden, de forma desinteresada, dar unha man para facer do noso mundo un lugar mellor.

Un dos voluntariados máis importantes é o das Nacións Unidas, que ao igual que outras organizacións, presta os seus servizos, capacidades físicas e coñecementos, a favor de todas as persoas e lugares do mundo que o necesiten.

O día internacional dos voluntarios foi creado para fomentar que as persoas que queren axudar aos demais atopen vías para facelo.

Hai varios tipos de voluntariado:

Voluntariado comunitario: que busca resgardar a cultura e o patrimonio do lugar.

Voluntariado de exclusión social: que defende e promove os dereitos de colectivos que son marxinados ou discriminados de algún modo.

Voluntariado en cooperación para o desenvolto: que busca fomentar as capacidades dos individuos permitíndolles incorporarse ao mercado de traballo, coidar o medio ambiente, procurar unha economía sostible e xusta,

Voluntariado medioambiental, voluntariado en protección civil ...



O Papa Francisco sobre o advento

"O advento é un tempo de graza para quitarnos as máscaras, que cada un ten, e poñernos na fila cos humildes; para liberarnos do orgullo de cernos autosuficientes, para pedir perdón aos que ofendemos e para ir a confesar os nosos erros e recibir o perdón de Deus. Así comeza a nova vida".

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE DECEMBRO

DÍA 1	LECTURA	1 Tes 3, 12 - 4, 2	Que o Señor afinque o voso corazón en Cristo
	EVANXEO	Lc 21, 25-28. 34-36	Erguede a cabeza, xa chega a liberación
DÍA 8	LECTURA	Flp 1, 4-6. 8-11	Chegade a Cristo cheos do froito da xustiza
	EVANXEO	Lc 3, 1-6	Preparade os camiños do Señor
DÍA 15	LECTURA	Flp 4, 4-7	Estate alegres. O Señor está a chegar
	EVANXEO	Lc 3, 10-18	Nós, que temos que facer?
DÍA 22	LECTURA	Miq 5, 1-4a	O que ven do Señor chamarase "o da paz"
	EVANXEO	Lc 1, 39-45	Ditosa ti María porque cumprírase o anunciado
DÍA 29	LECTURA	Col 3, 12-21	Que a Paz de Cristo habite en vós
	EVANXEO	Lc 2, 41-52	Xesús perdido e atopado no templo